

**Acta núm. 11/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 29 de agosto de 2023.**

ASISTENTES:
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Non asisten:
Pablo Lago Sanmartín

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 29 de agosto de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside a primeira tenente de alcalde Sandy Marie Cebal Gómez, en substitución da alcaldía, e asiste como secretaria María Dolores Torrado Ares, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2023, DO 01.08.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).
- 6º) PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA Á VIAXE PARA MAIORES A CASTELA A MANCHA 2023.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2023, DO 01.08.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 01.08.2023, acta núm. 10/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAFAEL REY LAPIDO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Ardións 2, Luaña:

- .- Reforma das fachadas da vivenda, consistente en revestilas con chapa de pedra de 3 cm. de espesor.
- .- Limpeza de muro existente con fronte a vial público.

A parcela (referencia catastral 8440401NH2484S0001IY) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 380,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 444,57 euros

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ CARLOS DURO JORGE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Avd. Santa Minia 39, Brión, substituíndo a cobertura de tella cerámica curva existente por outra das mesmas características, sen modificar a estrutura nin incrementar o seu volume.

A parcela (referencia catastral 6257202NH2465N0001MU) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1. A vivenda está afectada por un ben integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave BE13: antigo cine Mahía, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 70,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 134,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO BOUZAS PAIS, na que comunica que vai realizar as seguintes obras para a mellora da eficiencia enerxética da vivenda de Ardións 6, Luaña:

.- Colocación sobre envolvente vertical da vivenda (fachadas) de sistema sate, de 10 cm. de espesor e acabado con pintura.

.- Substitución da carpintería exterior da vivenda de aluminio, por outra nova de PVC.

.- Illamento da cuberta da vivenda con lá mineral de 8 cm. de espesor.

A parcela (referencia catastral 8541605NH1484S0001EJ) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

O Sr. Concelleiro Vidal González abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A cor empregada na fachada deberá ser en tons claros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 556,27 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 620,84 euros

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NURIA CAMPOS CAAMAÑO, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda da Urbanización Hortensia 22, Os Ánxeles, en cor granate burdeos.

A parcela (referencia catastral 65501A9NH2465S0001JG) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,00 euros.

Total: 28,00 euros

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CELIA BARROS DÍAZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación e mantemento da cuberta da vivenda de Guitiande 59, Os Ánxeles, consistentes na recolocación da cobertura de fibrocemento e substitución da tella cerámica, sen alterar a estrutura.

A parcela (referencia catastral 7048917NH2474N0000LH) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 431,18 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 495,75 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ricardo Pérez Bellón, que di actuar en representación de PEBEGASA SC, na que comunica que vai reparar parte da cuberta da nave agrícola situada en Mourentáns, Viceso, substituíndo a cobertura de fibrocemento en mal estado (esquina noroeste da nave) por outra de similares características, sen modificar a súa estrutura.

A parcela (referencia catastral 0558406NH2405N0001HY) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA BECERRA MALLO, na que comunica que vai pintar as fachadas lateral e esquerda da vivenda de San Salvador 28, San Salvador, en cor granate.

A edificación (referencia catastral 7522904NH2475S0002ZB) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 34,80 euros.

Total: 34,80 euros

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PAULA RAMOS FERNÁNDEZ, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda da Urbanización Río Pego 9, baixo B, Os Ánxeles, por outras de similares características en aluminio de cor verde.

A parcela emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 78,59 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 143,16 euros

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NICOLÁS LOUZÁN PÉREZ, na que comunica que vai instalar un aparato de aire acondicionado na vivenda de Agro Novo 7, Os Ánxeles, así como persianas en dúas veluxes existentes na cuberta.

A parcela emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente **e xa aboadas**:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 102,37 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 166,94 euros

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MARÍA BARCA LÓPEZ, na que comunica que vai construír un peche en Brans de Abaixo 40, Brión, coas seguintes características:

.- Peche de fábrica de bloque de formigón de cor area ata unha altura de 1,20 metros e corado cunha reixa metálica (malla electro soldada) ata unha altura total de 1,80 metros.

.- Instalación dunha porta peonil sobre o muro de 1 metro de ancho por 1,80 metros de alto e un portón para vehículos de 3,50 metros de ancho por 1,80 metros de alto.

A parcela (referencia catastral 7066204NH2476N0001IT) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche deberá afastarse a 5,50 metros do eixo do camiño.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 326,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 391,53 euros

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SOFÍA MANTEIGA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Liñares 11, Brión, substituíndo a cobertura de tella cerámica existente e reparación da cheminea.

A parcela (referencia catastral 5850702NH2455S0001HA) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 107,92 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 172,49 euros

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 9,2 kw á vivenda de Lamiño 67, Brión (referencia catastral 6663712NH2466S0000LI). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia de 11 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira eléctrica Carlota Martínez Rúa, o 12.07.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 102,57 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,51 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 85,08 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 9,2 kw á vivenda de Piñeiro 42, Os Ánxeles (referencia catastral 6342804NH2464S0001BZ). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 27 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira eléctrica Carlota Martínez Rúa, o 17.07.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 372,18 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 74,44 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 139,01 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 9,2 kw á vivenda de Brans de Abaixo 35, Brión (referencia catastral 6470108NH2476S0001MD). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 22 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira eléctrica Carlota Martínez Rúa, o 17.07.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 478,37 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 95,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 160,24 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ADRIÁN GARCÍA GARCÍA, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo de acceso ao local comercial situado na Avd. de Noia 56, portal 2, local 1, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN ANTONIO LEIS FORJÁN, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo de acceso á vivenda da Avd. Santa Minia 83, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Santiago López González, que di actuar en representación de PIROTECNIA LÓPEZ S.L., na que comunica o inicio da ampliación da actividade de taller de pirotecnia situado en Mourentáns, Viceso.

A Xunta de Goberno Local do 22.06.2021, concedeu licenza para unha modificación substancial do taller de pirotecnia sito na parroquia de Santa María de Viceso, segundo proxecto refundido para a modificación e adaptación ao RD 989/2015, do 30 de outubro, do taller de pirotecnia da empresa PIROTECNIA LÓPEZ, S.L., asinado pola enxeñeira de minas María del Carmen Moreira Piquense, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste o 26.05.2021.

Con data 27.04.2023 comunícase o inicio da ampliación da actividade, segundo o disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado con data 06.07.2023 pola enxeñeira de minas María del Carmen Moreira Piquense, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste o 11.07.2023; das autorizacións da Subdelegación do Goberno

para a entrada en funcionamento do taller de pirotecnia do 04.04.2023 (expediente número 048-658423) e do 22.03.2023 (expediente número 048-620166) para a entrada en funcionamento modificación substancial depósito de produtos rematados non integrados nun taller de artigos pirotécnicos e cartuchería, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, no que sinala que consta realizada visita de verificación e comprobación o 30.06.2023, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a ampliación do uso das edificacións para á actividade de taller de pirotecnia situado en Mourentáns, Viceso, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Farase constar no Rexistro da Propiedade que a totalidade da superficie das parcelas catastrais 15013A009005850000UF, 15013A009002830000UU e 15013A009002840000UH, (36.160 m²) clasificadas como solo rústico de protección forestal, están vinculadas aos 395,95 m² construídos e a o uso autorizado de taller de pirotecnia, segundo o disposto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 300,71 euros.

.- Taxa de tramitación de actividades: 184,28 euros.

Total: 484,99 euros.

SEXTO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA Á VIAXE PARA MAIORES A CASTELA A MANCHA 2023.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 18.08.2023 de prezo público para a asistencia á viaxe para maiores a Castela a Mancha 2023.

Visto o informe técnico do 14.08.2023 e o informe de intervención do 29.08.2023.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á viaxe para maiores a Castela a Mancha, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público proposto en habitación dobre: 735,00 €/persoa

- Prezo público proposto en habitación individual: 1.045,00 €/persoa

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretaria accidental dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

A secretaria accidental

María Dolores Torrado Ares